

número 1, maio-xuño 1999

libredón

Boletín da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago

Presentación. Saúdos. O novo. Libredón. Homenaxe a don Elixio. Noticia dos Camiños. Vida da Asociación.

V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas: *Fin de século, fin de milenio, Finisterre.*

Opinión Noticias xacobeas.



maio - xuño 1999

libredón, nº 1

NOVA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN

En Asamblea Xeral Ordinaria, celebrada o 24 de outubro de 1998, foi eleixida a nova Xunta Directiva da Asociación, que quedou composta como sigue:

- *PRESIDENTE.- Antón Pombo Rodríguez
- *VICEPRESIDENTA.- Mariel Larriba Leira (Congreso '99)
- *SECRETARIO.- Jaime Bouza
- *TESOUREIRA.- Susana Gago Rodríguez
- *VOCAL1° (C. Portugués-I).- Alfredo Jeremías Sampedro
- *VOCAL2° (C. Portugués-II).- Juan Yáñez
- *VOCAL3° (C. Francés).- Constantino Chao Mata
- *VOCAL4° (C. Ourense-I).- Aser Oscar Sánchez Ruído
- *VOCAL5° (C. Ourense-II).- Xosé Manuel Quintas
- *VOCAL6° (C. Inglés).- Manuel Pérez Grueiro
- *VOCAL7° (C.Fisterra).- Manolo Vilar
- *VOCAL8° (Relacións públicas).- José Antonio de la Riera
- *VOCAL9° (Responsable do boletín).- Mario Clavell

(En negriña figuran os cargos que non estaban na anterior directiva, incorporados á Asociación)



Fotografía da portada: Manuel González Vicente

- 3 CARTA DE PRESENTACIÓN, por Antón Pombo
- 5 SAÚDOS
- 6 O NOVO LIBREDÓN
- 7 HOMENAXE A DON ELIXIO RIVAS
- 8 CRÓNICA DUNHA PEREGRINACIÓN ÁS TERRAS DE FISTERRA, por Manuel Villar
- 9 ¡NO ALAS FALTO EN SAMOS!, por C. Ch.
- 10 O CAMIÑO INGLÉS DESDE FERROL, por Manuel P. Grueiro
- 11 UN VISTAZO AL CAMINO FRANCÉS, por Constantino Chao
- 12 ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN NO CAMIÑO INGLÉS, por M.P.G.
- 13 ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DENDE A PRESIDENCIA
- 16 OBXECTIVOS DA NOVA XUNTA DIRECTIVA PARA 1999

S U M A R I O

- 17 V CONGRESO INTERNACIONAL DE ASOCIACIÓNS XACOBEAS: *Fin de século, fin de milenio, Finisterre.*
- 22 COLABORACIONES
- 22 COMPOSTELA ANTES DEL DESCUBRIMIENTO DEL SEPULCRO DEL APÓSTOL SANTIAGO. LANECRÓPOLIS ANTIGUA Y ALTOMEDIEVAL, por Francisco Singul.
- 23 EL AZABACHE, PIEDRA-TALISMÁN EN EL CAMINO DE SANTIAGO, por Ángel Cardín
- 25 SANTA BRÍGIDA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, por Vicente Almazán
- 27 LIBREDÓN, por Elixio Rivas
- 30 A FIN DO MUNDO, por E. Staton
- 32 OPINIÓN: Todo para os peregrinos pero sen os peregrinos. A voraxine do Ano Santo, por A.C.B.
- 36 GLOSA A NOTICIAS XACOBEAS.



Carta de *Presentación*

Antón Pombo Rodríguez
Presidente da Asociación

Estimados socios e amigos:

Ningún momento mellor que a entrada dun Ano Santo para ver cumprido, despois de tantos anos de tanteos infructuosos, este vello anxeio da **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago** que é a saída do primeiro número do noso boletín. Desde que o movemento asociativo xacobeo, nos anos 80, comeza a coller pulo, moitas foron as agrupacións que, a parte de colaborar na revista *Peregrino*, órgano común para tódalas asociacións españolas, quixeron editar un de seu para difundilas cada vez máis numerosas actividades e noticias sobre o Camiño e maila peregrinaxe. Deste xeito foron aparecendo, paseniño, *Vieiragrino* (Valencia), *Actividades Jacobeas* (Donosti), *Estafeta Jacobea* (Navarra), *Caminando* (La Rioja), *Boletín de la A.A.C.S. de Cuenca*, *En Camino* (Alicante), *A Santiago* (Asturias), *Osmundo* (Bierzo) e outras tantas publicacións, de aparencia e calidade desigual, pero movidas por un mesmo espírito peregrino. Aelas hai que engadir as editadas polas asociacións europeas, por

exemplo o *Bulletin of the Confraternity of Saint James* (Gran Bretaña), *De Pelgrim* (Flandes), *Die Kalebasse* (Alemania), *Le Pecten* (Valonia), *Le Bourdon* (Aquitania), *Compostelle* (París), *Compostella* (Italia), *Ultreia* (Suiza), *Sternenweg* (Alemania), *De Jacobsstaf* (Holanda), etc. Por fin, tamén cómpre incluímos neste

panorama da divulgación xacobeo o xornal *O Cruceiro*, co que acabamos de asinar un convenio

de colaboración para que todos aqueles socios que así o desexen poidan recibilo gratuitamente, e a revista *Compostela*, boletín da Arquiconfraría do Glorioso Apóstolo Santiago.

Xa que logo, como podeis comprobar, chegamos máis ben

tarde, o cal non deixa de resultar un paradoxo se consideramos que Galicia, por razóns obvias, está a xerala maior cantidade de información relacionada cos Camiños e a peregrinaxe. Non obstante, a ilusión da nova Xunta Directiva, elixida o 24 de outubro de 1998, é a propia dos primeirizos, cos despistes e erros que elo pode conlevar.





A liña editorial da revista será a seguida ate agora pola asociación. E ista, para os que xa nos coñecedes, sempre estivo guiada pola independencia, estatus non excesivamente doado de manter nos tempos en que as subvencións e a proxección social ó abeiro do poder resultan tan tentadoras. Para nós, nembargante, e por riba de todo, está o cumprimento dos estatutos que nos demos hai agora seis anos. Esta norma fixa, entre os obxectivos primordiais da asociación, unha premisa tan ambigua, pero que todos os que fomos peregrinos entendemos, como é a da “promoción e defensa do vello espírito xacobeo”, algo que nunha época de confusión, vacuidade, enganosa publicidade e deturpación dos va lores tradicionais da peregrinaxe, resulta máis necesario cá nunca. Outros fins da asociación, que tentamos seguir ate agora, fan referencia á información e ó apoio que debemos ofrecer ós peregrinos, poñendo especial dedicación na apertura de albergues que lles dean acollida, ós estudos e investigacións de carácter xacobeo a desenvolver, ás actuacións perante organismos e institucións para defende-lo patrimonio histórico-artístico e natural dos Camiños de Santiago e á promoción de actividades culturais e divulgativas sobre esta temática.

Dentro das nosas máis ben modestas posibilidades, durante seis anos fixemos moito máis do que se cabería agardar nun principio. Desde o nacemento da Asociación, a partir dunha xuntanza no mosteiro de Sobrado dos Monxes (outono de 1992), baixo a presenza de Don Elixio Rivas Quintas, e aproveitando a semente botada nos tempos da *Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Coruña*, as colleitas foron ben farturentas. Eis o estudio, recuperación e sinalización da Prolongación da Vía da Prata (desde a Sanabria ata Santiago), do Camiño Inglés (entre Ferrol e Santiago), do Camiño Portugués (na actualidade de Ponte de Lima a Santiago) ou da Prolongación a Fisterra e Muxía (de Santiago a Fisterra, e de Fisterra a Muxía pola costa), traballos todos eles que serían o alicerce da delimitación contratada pola Xunta de Galicia a diversas empresas -algunha delas, por certo, ben desconsiderada cos membros da Asociación que lle deron o traballo feito-.

Outro logro, de gran proxección a nivel divulgativo, foi a organización de marchas e peregrinacións polos diversos itinerarios xacobeos de Galicia, moi concorri-

das as que seguen o camiño ourensano cada verán, as realizadas a medias cos nosos irmáns de alén o Miño pola ruta portuguesa, ou as tamén periódicas, organizadas coa inestimable colaboración da Asociación, pola vía de Fisterra-Muxía (froito da nosa petición ó concello de Fisterra foi a expedición, desde 1997, da *Fisterrana*, documento acreditativo que se entrega ós peregrinos, en posesión da Compostela, que chegan á vila do Cristo).

A nosa participación en foros, simposios, cumios e toda clase de reunións de carácter xacobeo foi constante, tanto nas programadas pola *Federación Española de Asociaciones Jacobeas*, na que actualmente ocupamos unha vocalía da súa Xunta Directiva, coma nos congresos científicos promovidos por organismos públicos e privados, sendo moi destacable o papel xogado no **IV Congreso Internacional de Asociations Xacobeas**, que tivo lugar en Carrión de los Condes en 1996. Como premio á actividade despregada, a Federación encargounos a organización, no ano que agora comeza, do seu **V Congreso Internacional**, que se desenvolverá na comarca de Fisterra, Deus mediante, entre os días 9 e 12 de outubro.

Por fin, citamo-la parte menos grata da nosa actuación, pois tal foi a de mediar, por tódolos medios posibles, para evitaren as desfeitas que, por desgracia, segue a sufri-lo Camiño, e moi en particular o **Camiño Francés**, declarado Patrimonio da Humanidade en decembro de 1993. Entre elas, por remontarnos ás orixes, paga a pena lembra-la manifestación de protesta perante a agresiva urbanización consumada no Monte do Gozo. Daquela estivemos sós, como tamén o estamos á hora de denuncia-lo último e gran atentado contra o itinerario nun dos seus traxectos máis fermosos: o que transcorre polo Val do Oribio, no concello de Samos, condeado a desaparecer baixo o asfalto nun tramo de 4,5 kms.

Días despois de que o Illmo. Sr. Arcebispo de Santiago batera co seu martelo no muro de cascallos que pechaba a Porta Santa, inaugurando así o derradeiro Ano Santo do século e do milenio, a **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago** tamén dá por aberto, co desexo de que dure moitos anos, este **LIBREDÓN** que é, ante todo, o voso boletín. A partir de agora, para encher de contidos e mellora-las súas páxinas número a número, contamos convosco. ■

“a promoción e defensa do vello espírito xacobeo nunha época de confusión, vacuidade, enganosa publicidade e deturpación dos valores tradicionais da peregrinaxe, resulta máis necesaria ca nunca”

“a parte menos grata da nosa actuación foi a de mediar, por tódolos medios posibles, para evitaren as desfeitas que, por desgracia, segue a sufri-lo Camiño”



Una feliz iniciativa que a todos beneficia

La asociación galega de Amigos del Camino de Santiago se incorpora a partir de ahora al número de asociaciones que ofrecen a sus socios una mayor Información a través de este boletín que ahora nace: LIBREDÓN.

Entre los cometidos de las asociaciones jacobeanas está la de realizar todo tipo de actividades que sirvan para revitalizar nuestro Camino, pero mal servicio estaríamos dando a nuestros asociados si los trabajos, que habitualmente se programan desde las diferentes juntas directivas, quedasen solamente en el círculo de sus directivos y no se proyectasen a la sociedad en su conjunto y a los propios socios. El conocimiento de lo que se hace debe así encontrar un espléndido altavoz en aquellas personas que son parte consustancial con la vida de la asociación: aquellos que la componen.

Es plausible este nuevo proyecto que la Asociación Galega hoy convierte en realidad. Esperamos y deseamos que desde estas páginas todos podamos ser informados, no solo de las muchas actividades que la asociación galega genera, sino que a través de las páginas de LIBREDÓN se nos ofrezcan breves estudios sobre el arte, la historia y los itinerarios que los diversos caminos que a Santiago se dirigen cruzan la comunidad gallega.

Con el nacimiento de esta nueva publicación jacobea todos vamos a salir ganando. Dispondremos de una nueva tribuna de información, estudio y opinión en un lugar tan cercano a todos los que amamos los caminos a Santiago: esas tierras de Galicia que son la meta de nuestras peregrinaciones y meta también de nuestras ilusiones y proyectos.

Larga y fecunda vida a LIBREDÓN.

Ángel Luís Barreda Ferrer

Presidente de la Federación Española de
Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago

El Camino de Santiago en general y el Portugués en particular precisan más que nunca de entidades y personas que, ganadas por el espíritu jacobeo, estén dispuestas a servir al Camino, frente a aquéllas que por servirse del mismo no dudan en llevárselo por delante sea en su propia entidad física, como en la esencia de sus valores.

Con esta introducción tengo que saludar, con verdadero entusiasmo, que, por la Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago, se anuncia la publicación periódica de su boletín, entusiasmo que, aún cuando en él no está ausente una sincera amistad, está objetivamente fundado en:

1º Que la Asociación ha acreditado que sabe trabajar con rigor intelectual en toda la riquísima problemática del Camino.

2º Que su comportamiento, en la defensa del Camino, aún cuando exigente y, en ocasiones, enérgica, nunca se ha salido de los cauces que la cortesía impone al ciudadano responsable, al tiempo que, aún cuando pudiera resultar no beneficiosa para la misma, nunca se ha alineado junto a los aduladores de turno.

3º Que sus trabajos en el levantamiento del trazado y señalización del Camino Portugués han sido una de las aportaciones más efectivas para la vuelta de la peregrinación a este Camino.

4º Que sus asociados, arco-iris de los más variados carismas, son unidad a la hora de ofrecer amistad, compartir trabajos y ser transmisores de los valores del Camino.

Por ello, en nombre de la Asociación de Amigos de los Pazos, también enganchada al Camino, y en el mío propio, uno a estas líneas de felicitación, la promesa de colaboración con la Asociación y con todos y cada uno de sus miembros.

Juan Manuel López-Chaves Meléndez

Presidente de la
Asociación de Amigos de los Pazos



o novo Libredón

Antón Pombo

O título **LIBREDÓN**, suxectivo e tan cheo de referentes compostelás e xacobeos, xa foi empregado na cabeceira doutras publicacións periódicas que nos precederon. Entre elas, lembrámo-lo xornal católico da capital galega que saíu á luz, por vez primeira, nos albores da Restauración alfonsina (1875). Fundado por D. Andrés Rey Varela e D. José María Paredes, con posterioridade pasou a ser dirixido por D. Antonio Toledo Quintela, cambiando notablemente a liña editorial. Entre os seus máis senlleiros colaboradores, ós que desexaríamos emular desde o noso moito máis modesto boletín, atopábanse nada menos que Alfredo Brañas e Barcia Caballero. A vida do xornal prolongouse, en varias etapas, ata o 20 de abril de 1887, alternando a súa presenza coa de **EL PORVENIR**, pois ambos dous representaban os mesmos intereses católicos (pronto tutelados e controlados con autoridade polo arcebispo Miguel Payá y Rico) e contaban na súa redacción coas mesmas plumas, servindo, en todo momento, de contrapeso ó rival **DIARIO DE SANTIAGO**, órgano liberal de D. Manuel Bibiano Fernández e D. Alfredo Vicenti (na liña do procer Montero Ríos), que acabaría sendo excomulgado polo devandito cardeal Payá (un xeito de abondo expeditivo para acabar coa competencia).

Este **LIBREDÓN** decimonónico, resucitado nunha segunda etapa que vai de 1880 a 1883 e, de novo, entre o final de 1885 e abril de 1887, evolucionou deica unha temática cada vez máis clerical, chegando mesmo a ser editado no Seminario e, por un tempo, ser dirixido por Brañas coa colaboración do coengo Antonio

López Ferreiro, Segade Campoamor e outros membros, de filiación carlista, da Igrexa compostelá.

Pero o uso do topónimo **LIBREDÓN** non remata no século pasado, xa que foi retomado, desde xullo de 1956, como cabeceira do boletín editado polo Centro Galego de Santander. Nesta ocasión, entre os que colaboraron na publicación podemos citar, ademais do Nobel galego D. Camilo José Cela, a D. Dionisio Gamallo Fierros. Escrito en castelán, a súa liña foi conservadora.

Así pois, pero dedicado agora a un tema tan específico como é o das rutas galegas de peregrinación e, por suposto, á actividade da **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago**, nace hoxe, con este número, un novo e modesto **LIBREDÓN** que, fiel ás súas evocacións xacobeas -o monte acolle, desde hai case que dous mil anos, a tumba do apóstolo-, pretende ser, unicamente e na esperanza de medrar co tempo, o boletín desta, a nosa e a vosa, xove asociación. Se conseguimos isto, xa nos sentiríamos de abondo satisfeitos. E se acadamos unha vida tan longa como a dos nosos homónimos -Santiago axudará- moito mellor. ■



Bibliografía:

-SANTOS GAYOSO, E.: Historia de la Prensa Gallega. 1800-1986. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 52. Sada-A Coruña, 1990.

-Gran Enciclopedia Gallega. Tomo XIX, 61. Gijón, 1974.



HOMENAXE A DON ELIXIO RIVAS



Vista do Santuario dos Miragres onde tivo lugar a homenaxe a don Elixio Rivas en decembro de 1998.

O 12 de decembro de 1998, os membros da Asociación ofrecéronlle unha homenaxe a don Elixio Rivas, primeiro presidente da entidade, da que pasou a ser Presidente de Honra. O acto foi organizado polos membros aurenzáns da Asociación, no Santuario dos Miragres (Ourense). Despois da Misa inaugurouse o monumento en honor de Don Elixio e os participantes visitaron o museo que el fundou e dirixe.



Monolito inaugurado o día 12 de decembro pasado ofrecido a don Elixio Rivas pola Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago.



Vista exterior do Museo que, nos Miragres, creou e dirixe don Elixio.



CRÓNICA DUNHA PEREGRINAXE CARA ÁS TERRAS DE

f i s t e r r a



Os peregrinos camiñan, na II Peregrinación a Fisterra-Muxía (xullo 1998) cara ó Santuario de Nosa Señora da Barca, no Marco da Armada.

TEXTO: Manuel Vilar

O día trinta de pasado mes de xullo de 1998 concentrámonos na vella Compostela máis de duascenas persoas co ánimo de emprender unha nova peregrinaxe (era xa a segunda) polo camiño de Fisterra e Muxía. O obxectivo de todos os participantes, así como dos promotores e organizadores deste acontecemento (a Asociación Galega de Amigos do Camiño, a Asociación Neria e os concellos polos que pasa o Camiño), é sacar do esquecemento, promover e consolidar definitivamente esta prolongación da Ruta Xacobeá. A estas alturas pensamos xa que non é preciso xustificar e demostrar as vinculacións das terras de Nemancos co culto e lenda xacobeá, aínda que pode haber uns poucos que sigan pensando que todos os camiños rematan en Santiago.

Este camiñar, cara as terras onde os antigos pensaban que remataba o mundo, dividímolos en catro xornadas. Na primeira anduvemos polas terras de Santiago, da Maía e rematamos o día na vila de Negreira, onde fomos recibidos aos sons da súa prestixiosa

banda de música e felicitados polos seu alcalde. No segundo día abandonamos as mainas terras barcalesas para adentrarnos, nunha longa xornada, polos camiños de uces da terra de Xallas, menos mal que nos ofreceron unha boa rosca e, ao remate, en Dumbría fomos recibidos cunha merenda e camisetas reivindicando a ESO nese concello. Na terceira xornada deixamos atrás o río Xallas e subimos, por Logoso e Hospital, cara os santuarios das Neves e de San Pedro Martir, onde o concello de Cee tiña preparado un bo recibimento; de aquí, e co mar xa diante, camiñamos decididos cara Fisterra, parando antes nas igrexas de Cee e Corcubián. O último día fomos desde a vila do Cristo ata a da Virxe da Barca, onde demos por rematado esta peregrinaxe. Nesta última xornada houbo un cambio con respecto ao ano anterior: ao deixar atrás o lugar de Morquintán (deberíamos tamén deternos a contemplar a súa pequena igrexa románica) viramos á esquerda para baixar cara Martineto e Figueiroa para logo volver a subir cara Lourido, deixando así a un lado

Moraime. A algúns este novo trazado fíxoselles algo duro e menos cómodo que o do ano anterior.

Da importancia deste Camiño falan os máis de dous mil peregrinos que se achegaron ata o concello de Fisterra solicitando a "Fisterrana", ese documento que certifica a chegada ata as terras de Fisterra. Si un vai a Fisterra en calquer día do ano, mesmo nos días de inverno como me ten acontecido a min, é raro non pasar no camiño por un ou dous peregrinos que van andando cara Fisterra, e iso que o Camiño non está sinalizado como debería e as infraestructuras son case mínimas, aínda que agora vaise abrir pronto o albergue de Fisterra e xa está proxectado o de Negreira. Todo elo fará posible a consolidación desta ruta xacobeá. E neste ano santo volveremos andar cara as vellas terras de Fisterra, pois como dicía Castelao:

*O que vai a Compostela
Fai ou non fai romería
Se chega ou non a Fisterra.*



¡NO AL ASFALTO EN SAMOS!

TEXTO: **Constantino Chao Mata**
Vocal encargado del Camino Francés

Desde el mes de mayo, en el que la Asociación tuvo conocimiento del proyecto de asfaltado en un tramo del Camino en su discurrir por Samos, se han llevado a cabo diversas actuaciones encaminadas a evitar tal aberración.

En varios artículos publicados en LA VOZ DE GALICIA y EL CORREO GALLEGO Antón Pombo denunció repetidamente el hecho. Asimismo, se presentó denuncia ante la Dirección Xeral de Patrimonio el día 11 de mayo. La respuesta recibida el 11 de junio afir-

tratarse de caminos sitos en el entorno de un monumento declarado”.

Ya después de la toma de posesión de la nueva directiva, siguieron los intentos. Así, fue presentada una nueva denuncia, en esta ocasión ante la Consellería de Agricultura en base a la previsible tala de los centenarios árboles que bordean el camino. Por otra parte, se solicitó entrevista con el Presidente de la Diputación Provincial de Lugo, sin respuesta alguna hasta el momento.

Como última y ya casi desesperada medida de presión

entre San Cristobal do Real, Samos y Aguiada para reivindicar una vez más que se imponga la sensatez y se dé marcha atrás en la proyectada obra de asfaltado, a todas luces inútil, ya que no daría servicio alguno a los vecinos del lugar, opuestos la mayor parte de ellos a la obra.

Resulta penoso e incluso ridículo ver como hace unas semanas el Alcalde de Samos anunciaba a bombo y platillo en el diario EL PROGRESO la colocación de árboles frutales en medio del Camino, así como la construcción del “mayor albergue” de la ruta. Poco uso le auguramos a ese albergue, más bien propio de las ínfulas de una persona con complejo de faraón frustrado. La fruta, o se pudrirá en las ramas o será comida por los pájaros, ya que

de seguir así, no tendremos más remedio que usar todas nuestras influencias para aconsejar a todos los peregrinos del mundo: “¡Si no quieres pisar asfalto no camines por la variante de Samos!” ■



maba que, si bien los tramos a asfaltar no son considerados por la Dirección Xeral “Camino de Santiago”, fueron establecidas en su día una serie de cautelas como “respetar cierres de fincas y arbolado por

ha sido convocada una marcha el día 23 de enero



O CAMIÑO INGLÉS DESDE FERROL, CON PROBLEMAS

Entre outros atancos, a Autopista tronzou o paso dos peregrinos

TEXTO: M.P.Grueiro

O ramal que parte da ría de Ferrol da ruta xacobeá chamada *Camiño Inglés* (que a medio itinerario fai confluencia co que ven de A Coruña), acaba de quedar truncado para o paso dos peregrinos, case no momento mesmo de comezar, por causa das obras de construción da tan demorada e necesaria Autopista a Ferrol. O vello Camiño Real, ó seu paso polo lugar de *Rego da Moa*, no municipio de Fene, está actualmente cegado polo aterramento realizado para o paso desta vía rápida, na súa intersección coa estrada nacional 651, a antiga N-VI.

As conversas con AUDASA, concesionaria da autopista, van aparentemente ben. Sempre tivemos unha resposta positiva pola súa parte a plantexamentos anteriores similares (cruce en Miño, en Cabanas, etc.), pero o problema é a urxencia de resolver xa un paso elevado peonal, pois os peregrinos están a transitar por este camiño, como por tódalas outras rutas xacobeas.

Retrasos

Pero neste camiño todo vai con retraso: non está aínda definitivamente aprobado o itinerario, e polo tanto non está oficialmente sinaliza-

includos os concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo, Mesía, Ordes, Oroso, no ramal dende Ferrol, e Culleredo, Cambre, Carral, no que ven dende A Coruña.

A Xerencia Promoción mandou fai meses ós concellos unha notificación anunciando que o Ministerio de Fomento enviaría sinalización para os tramos de camiños coincidentes coas estradas, pero non hai noticias destes carteis.

Algúns problemas con propietarios particulares, que deberían ser

“todos estes retrasos, unidos ás carencias en canto á difusión, fan que o *Camiño Inglés* sexa

Entre Ferrol e Santiago aproximadamente 128 Km de camiño non arduo, interesante en monumentos e paisaxes agardan neste ano santo ós peregrinos, pero estes corren o risco de ver interrompido o seu periplo, pois non hai, polo momento, previsto nin paso elevado -o que sería desexable- nin inferior. Ó non estar aínda inaugurada a autopista, os camiñantes cruzan por riba das obras. Pero nun par de meses, cando se abra ó tráfico esta vía, non haberá paso, se non se artella unha solución, que entendemos non é outra que unha pasarela peonal elevada. É a mellor saída, tamén para a empresa, pola simplicidade técnica, abaratamento económico e rapidez de construción. Para os peregrinos é preferible a un longo e escuro túnel.

do (a Xunta acaba de aprobar 18 millóns para sinalizar, o que querría dicir que, unha vez finalizado o estudo das alegacións, o goberno autonómico ten un itinerario final, anque non nos consta, nin ós concellos tampouco); non hai albergues rematados, e os que están en obras ou en proxecto posiblemente non cheguen a tempo para esta primavera e verán; non hai guía oficial editada, agás un desplegable recentemente publicado pola AGACS coa colaboración da Deputación Provincial de A Coruña.

Gran parte dos problemas veñen pola pouca axilidade de xestión dos concellos implicados, que están a constituir un Consorcio, pero o trámite vai lento e estase a notar a falta de presión sobre a Xunta. Están

resultos polos concellos, están aínda pendentes. A concentración parcelaria e outras obras son tamén elementos en contra do camiño. Falta repasa-la limpeza en algún punto, hai algún vertedoiro de lixo que eliminar, pero, en xeral, o camiño é totalmente practicable, bonito e doado de facer.

Avances

Todos estes retrasos, unidos ás carencias en canto á difusión -do cal nós somos, en parte, responsables- fai que o *Camiño Inglés* sexa un dos menos concorridos. Nembargantes, estamos en situación de comezar a apuntar elementos positivos cara a unha solución: o desplegable estase a distribuír masivamente, non só nos concellos do camiño, senon en



UN VISTAZO AL CAMINO FRANCÉS (SARRIA-SANTIAGO)

TEXTO: Constantino Chao

toda a cornixa cantábrica (Asociacións de Amigos do Camiño, Casas de Galicia, oficinas de turismo, etc.) e outros puntos de España e Europa, fundamentalmente en Inglaterra e Irlanda. O camiño está xa ser percorrido polos peregrinos.

Na medida en que se constituía o consorcio do camiño, rematen as obras dos albergues, se sinalice e se faga unha difusión masiva, a situación tenderá a cambiar.

Temos programadas varias peregrinacións dende agora e ata o verán, e estamos a dar información

un dos menos concorridos”

a numerosos grupos e individuos que pretenden facer este camiño. O máis destacado é a expedición de británicos que virán en maio en barcos de vela, como antigamente, percorrendo ambos tramos do camiño, dende Ferrol e dende Coruña.

Na Casa de Cultura de Neda existe un Punto de Información, no que estamos a recibir numerosas peticións tódolos días. O concello de Pontedeume quere establecer tamén o seu, e outros concellos están interesados.

A clave está na concordancia de tódolos sectores, públicos e privados, nun proxecto común: difundir e protexe-lo camiño. Queda moito por facer, pero estamos a elo. ■

Desde que las instituciones públicas empezaron a preocuparse un poco por el Camino y su conservación empezaron a llevarse a cabo actuaciones que no siempre han sido muy afortunadas. Un recorrido por el tramo que va de Sarria a Santiago en los primeros días de este flamante Año Santo nos permitirá ver qué hay de bueno y de no tan bueno en las obras que sin duda siempre son llevadas a cabo con buena fe.

En lo que respecta al camino en sí son de resaltar dos tipos de actuaciones, una de ellas en el Alto do Rosario, en las cercanías de Palas de Rei, donde se ha ancheado la vereda que discurría paralela a la carretera. plantado árboles y arbustos y colocado barandillas. Lo más importante es, con todo, la superposición de gravilla negra fuertemente prensada, que si bien puede dar la impresión de asfalto, no es tal y puede evitar la formación de barro y charcos. No es la tierra que todos amamos, pero es una solución digna. ¡Notable!

No podemos decir lo mismo de lo hecho en Salceda, donde con una situación similar, camino paralelo a la carretera, se ha cubierto la superficie con gravilla blanca y menuda, muy poco resistente al agua y que muestra ya ostensibles surcos y grietas. ¡Suspense!

En lo que respecta a las “áreas de descanso”, son relativamente tolerables las construidas en el concello de Arzúa, con mesas y bancos de madera y paneles informativos. Totalmente

improcedentes las de O Pino, en pretencioso granito estilo “chalet de nuevo rico”, cercanas a la carretera y seguramente construidas más bien pensando en “automóvilgrinos”. Y es que...¿qué queréis que os diga? ¡Qué mejor área de descanso que la hierba y las piedras a la orilla del arroyo Catasol y otros!

El paso por Labacolla ha sido desde siempre un caballo de batalla. Las ampliaciones del aeropuerto fueron desplazando continuamente al camino y nos temíamos lo peor con las obras de la autovía. Felizmente no ha sido así, ha sido habilitada una amplia senda al lado del nuevo vial, con arbolado. Incluso se ha erigido un sencillito, elegante y discreto monolito de tema jacobeo en el lugar, tan distinto de ese horroroso monumento a la vanidad humana que nos encontramos poco antes de llegar a Melide, en el cual unos cuantos prebostes hacen ostentación pública de su supuesto interés por la Sagrada Ruta. Me pregunto cuántos han pisado siquiera cien metros de ella. No dejan de emocionarnos siempre los memoriales de Miguel Ángel Blanco, Guillermo Watt y Mariano Sánchez Covisa.

Por último, ¿qué decir de los horrorosos tres últimos quilómetros antes del Monte do Gozo? ¡Asfalto, antenas y casas en ruinas! ¿Para cuándo una actuación firme en los aledaños de la capilla de San Marcos?

Corramos un tupido velo sobre “Las vegas James”, es decir ese horroroso complejo de lo que antes era el sagrado monte de la tradición. ■



ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN NO CAMIÑO INGLÉS

TEXTO: M.P.G

O pasado mes de marzo, Manolo Grueiro, coordinador da sección do Camiño Inglés, organizou dúas actividades en Neda.

O día 6 tivo lugar, dentro da programación cultural do concello titulada "Tertulias a carón da lareira", celebradas na Casa das Palmeiras (Neda), unha mesa redonda sobre o Camiño de Santiago.

representante dos empresarios de hostelería da comarca.

Na mañán do día 7, marcando o inicio do que será unha peregrinaxe polo Camiño Inglés, para gaña-lo Xubileo, realizada por etapas, un grupo de 45 persoas, entre as que se contaban algúns amigos extranxeiros, percorreu os 13 qm. que separan Neda de Pontedeume. Unha vez chegados á vila dos

quedaría resolto satisfactoriamente. Outro dos puntos negros deste tramo é o que atravesa o novo polígono industrial de Fene, pero tamén semella que se chegará a unha solución de compromiso creando unha vía periférica para o paso dos peregrinos.

Neste Ano Santo de 1999, o Camiño Inglés está dando probas de gran vitalidade, co paso cotián

"Neste Ano Santo de 1999, o Camiño Inglés está dando probas de gran vitalidade"

Nela participaron Segundo Vázquez Portomeñe (en representación da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago), José Leira (Sociólogo da Universidade da Coruña encargado do proxecto "Aulas no Camiño"), Constantino Chao e Antón Rego (en nome da Asociación de Amigos do Camiño), contando como moderador a Manolo Grueiro e coa presenza dun

Andrade, onde comimos todos xuntos, tivo lugar a reunión da Xunta Directiva da AGACS, acordando, entre outras cousas, cal sería a empresa encargada de maquetar este boletín. A ocasión foi aproveitada, coa presenza da prensa, para reclamar a construción dunha ponte elevada no punto onde a Autoestrada do Atlántico cortou o Camiño Inglés, algo que, con posterioridade,

de numerosos peregrinos. Unha das peregrinaxes máis vistosas é a que partiu de Narón, nun nutrido grupo dacabalo, durante a Semana Santa. Así mesmo, está levantando grandes expectativas a romaría por mar ó xeito tradicional que, a mediados de maio, organizan a asociación xacobeá de Cornualles e maila Confraternity of St. James. ■



ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DENDE A PRESIDENCIA

Outubro-December de 1998

24-Out: Elección da nova Xunta Directiva. Primeira reunión desta. Entrega de disciplina interna para os compoñente da Xunta. Entrega dos obxectivos pra 1998-1999. Entre outros acordos decídese edita-lo bletín, facendo xestións para recupera-la subvención solicitada á Xunta de Galicia de 300.000 pts. Serán editadas tarxetas para presidente e vicepresidente. Faremos una felicitación de Nadal. Alfredo Jeremías se compromete a resolve-la cuestión do I.A.E. Para fecer novos socios cómpre recibir do anterior tesoureiro as listas.

26-Out: Solicitadas facturas por 300.000 pts. máis IVE para xustificar subvención en copistería.

Nov: A editorial "ANosa Terra" solicita a colaboración da Asociación para publicar un libro sobre os Camiños de Santiago en Galicia. Feitas xestións de cara a conseguir, para o Congreso de 1999, unha exposición sobre o Camiño Inglés.

8-Nov: Asistencia do presidente e a tesoureira ó II Cunio do Camiño Norte en Ribadeo. Na mesa redonda das asociacións foi denunciado o asfaltado en Samos.


8-Nov: Reunión mantida en Ribadeo, encol do Congreso de 1999, co Presidente da Federación Española e o Presidente da Asociación Nería. Chegouse a un acordo para designar, na próxima reunión, o comité executivo.

9-Nov: A Asociación é convidada, por medio do estudio de arquitectura de Xan Casabella, a participar no Proxecto que a Mancomunidade de Concellos de Fisterra presentará para solicita-la Escola-Obradoiro "Camino de Santiago".

18-Nov: Reunión establecida, xunto co arquitecto Xan Casabella

López -membro da Asociación-, co presidente da Mancomunidade de Concellos de Fisterra e o director da Escola-Obradoiro desta mancomunidade. Obxectivo: redactar proxecto de rehabilitación do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía ó seu paso polos concellos de Dumbría, Cée, Corcubión e Fisterra. Entre outros proxectos apoiase a idea de crear senllos albergues en Olveiroa e Corcubión, duas pontellas sobre o rego de Logoso e no Vaosilveiro, un miradoiro no alto do Cruceiro da Armada (restaurando o cruceiro), un parque a carón da igrexa de Santa María das Areas e unha área de lecer no campo de San Pedro Mártir.

20-Nov: Envíase documento de apoio ó proxecto de investigación presentado por Sara Clinehens, da Universidade Occidental de Los Angeles (California, EEUU), traballo de antropoloxía que pretende avalia-la influencia da peregrinaxe nos pobos do





Camiño de Santiago.

Denuncia á Dirección Xeral de Patrimonio das obras que, respecto das normas dictadas por este organismo da Consellería de Cultura, pretende levar adiante o alcalde de Samos no Camiño Francés.

21-Nov: Xuntanza con Mario Clavell para tratar sobre a súa futura coordinación do boletín e dos seus contidos.

22-Nov: Contacto con Manuel Pérez, director da revista "O Cruceiro", de cara a establecer unha relación entre esta revista e a AGACS.

28-Nov: Reunión en Santiago (Facultade de Ciencias Económicas) coa Asociación Neria e a Federación Española de Amigos deñ Camino de Santiago para nomea-lo Comité Executivo e mailo Comité Científico do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas. Rolda de prensa sobre o Ano Santo e o asunto de Samos. Reunión da Xunta Directiva da AGACS.

12-Dec: Asistencia, no Santuario dos Miragres (Monte Medo, Ourense), á homenaxe a D. Elixio Rivas Quintas, presi-

dente da AGACS ata novembro deste mesmo ano que foi declarado, por acordo da Xunta Directiva, presidente de honra.

Xaneiro-Abril de 1999

Fin Dec: Elaboración, para a Mancomunidade de Fisterra, dunha memoria xustificando e apoiando as actuacións propostas cara a amellora-la Prolongación Xacobeas a Fisterra ó seu paso polos concellos de Dumbría, Cée, Corcubiión e Fisterra.

Xan: Organización da Marcha en Samos como protesta polo asfaltado do Camiño.

3-Xan: Reunión coa pintora Inés Amorín para encargarlle un logotipo do Camiño a Fisterra e máis unha exposición de miniaturas para o Congreso de Asociacións Xacobeas.

12-Xan: Asistencia, como Presidente do Comité Científico do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas, á reunión do Comité Executivo e da Deputación que tivo lugar no Pazo de Mariñán.


14-Xan: Reunión con Manuel Pan, dunha empresa informática de Carballo, para establecer unha páxina do Camiño a Fisterra e Muxía, con información sobre a AGACS, na súa páxina web da Costa da Morte.

16-Xan: Asistencia á Xunta Drectiva que tivo lugar, de 12 a 14,30, na Facultade de Económicas de Santiago. Preparouse a marcha de Samos, acordouse facer un seguimento do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas, foi exposto o proceso de elaboración do boletín, a invitación da Asociación Alemana para asistir a Aquisgran para o Premio Carlomagno, etc.

A Presidencia, a petición do Concello de Neda, fai xestións perante a Federación para organizar un cursiño de hospitaleiros, esta primavera, na vila de Neda.

17-Xan: Xestións para editar un libro dedicado á Prolongación Xacobeas a Fisterra e Muxía. O presidente é convidado a participar na obra como tal.

19-Xan: Xestión co Concello de Santiago para trata-la problemática do traxado de tódolos camiños no seu territorio. Quedamos en elaborar memoria con cartografía para unha reunión a mediados de febreiro.





5-Feb: Reunión, en compañía dos membros do Comité Executivo do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas, con María Antón Vilasánchez, xerente do Camiño de Santiago (Consellería de Cultura e Comunicación Social).

10-Feb: Xestións coa Concellería de Xuventude do Concello de A Coruña para facer unhas Xornadas Xacobeas, no Forum Metropolitano, no mes de xuño. A AGACS facilitará unha exposición do Camiño Inglés e o seu presidente dará unha conferencia.

Conferencia sobre o Camiño de Santiago dada no Colexio Fonteboa (Formación Profesional e Secundaria) de Coristanco.

12-Feb: Xestión cun grupo de teatro da parroquia de Santiago de Donosti para facer unha representación, relacionada co Camiño de Santiago, o 7 de agosto en Fisterra.

18-Feb: Asistencia á presentación da Transcripción do Códex Calixtino na Sala Capitular de Santiago. Xestións realizadas co Consorcio de Santiago para colaborar co Ateneo de Padrón de cara a realizar unhas xornadas culturais, en novembro, dedicadas ó Camiño de Santiago. Entrevista sobre o Camiño para a revista "O Cruceiro".

20-Feb: Reunión da Xunta Directiva en Santiago. Acordouse facer unha marcha polo Camiño Inglés, un cursiño para hospita-leiros en Neda, e foron revisadas as últimas propostas para o boletín "Libredón".

26-Feb: Reunión co alcalde de Fisterra para tratar varios asuntos relacionados coa Prolongación Xacobeá. Visitamos con el o albergue, as obras do faro e tivemos noticia dos proxectos de mellora do contorno da igrexa de Santa María das Areas e máis do novo modelo de "Fisterrá".

27-Feb: Presidencia do Comité Científico do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas. A xuntanza tivo lugar en Santiago, asistindo Laurie Dennett, Felipe Senén, J.M. López-Chaves, Vicente Malabía e X.M. Lema Suárez.

6-Mz: Participación na tertulia na lareira, por invitación de Manolo Grueiro, en Neda.

Incluso podía exercer esta función de estrema ou *trifinium* unha vea de auga, levando o apelativo de tal; así (ib. 194) se di: “...*ipsa aqua viva arca trifinia est*”. Pero aquí de seguro que non baixaba deica o río Sar.

O respecto case sagro, proverbial, que os *marcos* e *mollóns* cos seus *testigos* inspiran no noso mundo rural ven de moi lonxe. Vese plásticamente nas ceremonias e prácticas desenroladas ó levar a cabo un “apeo” dos lindeiros romanos. O parello cunha sacralización é cinguido, acabando por ser venerado o deus *Terminus*.

Ben se ve polos *Gromáticos* (194): “...*consuetudo est terminis sacrum fieri...Tale ergo sacrificium...faciebant*”.

Nos documentos de apeo medievais aínda se pode captar algo; ó noso tempo chega esa venerable tradición que agora creba.



7.- En *Compostela* o corpo de Santiago non se soterra na estrema e constituíndo marco, senón no interior do *predio*, posesión franca e libre, sen dúbidas, á vista das estremas: *sub marmoreis arcubus*. O realizado tamén estaba previsto nos Gromáticos (193), cando nos din: “...*etiam in mediis possessionibus sepulcra faciunt*”. ¡Que menos que ser unha herdade de posesión inxenua, non a discutible das estremas!

De termos en conta costumes e prácticas romanas e baixo romanas, a deposición do corpo do Apóstolo Santiago no *Liberum donum* de Compostela é modélica e non pode estar máis a tono coa época.

8.- *Compostela*. Na crítica que Pierre David fai de *Libredón* coma nome de lugar -tamén o menos usado oficialmente-, di que non chega a ser acollido no uso popular. A fala do pobo ´é o que chega á lingua; o imposto, o culto, adur se chegue a ese nivel e se perviva. Non é Auría, que é Oriense, Auriense o que fica en *Orense*, *Ourense*. Non sabemos do nome prerromano do sitio -e perduran ben deles, coma Sar, Sarela, Amio, Bar, Barcia, Combarro, Cornes...-. O que fica é *Compostela*, que ten aparencia de ser romano en forma diminutiva popular de agarimo.

É *Compostela* xa nas primeiras escrituras. Así temos: ano 911 *villa Compostella*, 914 *urbe Compostella*,

955 *loco Compostelle; in Compostella* en 1061, grande número (de 1110 a 1120) de *Compostella*, *Compostela*, *villa Compostelle* en 1122, *Compostella in finibus Amae* en 1181, *Compostellanam ecclesiam* en 1245, etc., etc.

O *Cronicón trieuse* interpreta *Compositum stellus*; o Gerundense *Compos stella*.

O seu nome está de todo acorde coa época e ambiente reflexado en apartados anteriores; proba ser unha fundación romana, de palabra culta e uso popular.

Hai que apuntar que son máis as *Compostelas* en Galicia. Unha en Melide, A Coruña; dúas en Ourense, na Merca e Lobios, esta alta á esquerda do río Limia. Houbo *Compostella* antiguamente á beira de Columbrianos, León, a hoxe *Compostilla*. Cómpre ter en conta, no que ó étimo ataxa, unha solución solidaria.

Compostela é sin dúbida forma diminutiva en *-ella* de *compos* -*ta* participio irregular de *componere*, de *cum* e *ponere*. Un derivado de moito uso e ricos matices semánticos. O sufixo *-ellus-a* (por *-ulus*, *-a*) é de uso popular e baixo latino (cf. *fibella**fibula*, *vitellus**vitulus*); herdamos aquel.

Dando unha ollada ós autores latinos, entre moitos matices atopamos dous aplicables a obxectos, semánticamente convenientes.

Vexamos.

Thesaurus (s.v. *componere*), dásele o valor de “apte ponere, collocare, construíre”; *compositus-a-um*, ‘ben arrenxado, ben contruído, ben posto’ (en Ourense hai Bemposta, en Vilar de Bós).

- Cicerón: *locus in quo erant ea composita; compositissima* (forma culta). Virgilio (Aen. V, 387): *Urben componere*: ‘edificar a cidade’.

- T. Livio: *compositus*: ‘feito con artificio’.

- Tácito: *componere civitatem*: ‘adecentar, fermosea-la cidade’.

- Horacio: *componere cadavera vel cineres mortuorum*, por enterrar (e Tíbulo, El. 2,26).

-Virgilio: *compositusque cinis...*; Ovidio: *compositus* (enterrado, sepultado).

- C. Valerio Flaco (s. I-II): *Componere cinerem et ossa* (depoñer no sartego).

Todos, non sendo este, son do século I.

Os Gromáticos distinguen: *arcas sepulcrales in finibus positas*, etc.

Dos dous matices apuntados, sen dúbida algunha aplica o pobo, antes cós restos mortais, o diminutivo *Compositella**Compostella*, reflexo de harmonía, fermosura e agarimo, a *quintana*, *villa*, *civitate* ben construída.■



A F I N D O M U N D O



Foto: R. Caamaño

Aspecto que ofrecía a vila de Fisterra nos anos vinte.

E. Staton, *Roads of Stars to Santiago*

Traducción de Manuel Villar

Ensíname ir ao país máis alá das palabras e dos nomes.

Thomas Merton

Deixei esa cidade de pedra para seguir o camiño cara o mar e o lugar onde se pon o sol ao final da terra. Estaba contento por estar de novo en camiño e por vez primeira só desde Castroxeriz, despois Sahagún, fai diso xa dúas semanas. Unha vez máis lembrei as palabras da abadesa: camiña sempre, sempre para adiante.

Agora o meu corpo semella que camiña mecanicamente, que o camiño faino andar. Decateime de que podía seguir camiñando ao redor do mundo se a terra non rematase. Isto aprendino do Camiño, penseino ao deixar Compostela: o corpo pode ser superado, liberado como unha serpe cando muda de pel. O meu vello corpo morreu, dalgunha maneira eu tamén morrín para o meu antigo ser.

Trinta días son dabondo para varias mortes e resurreccións, como o son eses tres días finais desde Santiago ata Fisterra. A miña vida, o meu traballo, a miña familia, nunca voltarán a ser o mesmo.

Por suposto que non fun transformado tal e como o tiña soñado. Debería ter previsto que non son suficientes nin unha peregrinaxe, nin unha viaxe, nin un só acto. Sei que o cambio só acaba de comezar: o mesmo que cando a lúa está chea, o final da miña viaxe tamén é un comezo. Todo foise antes de estar preparado, todo isto chega despois de se ter revelado. A viaxe continuará a través de miles de paradas e comezos, medios éxitos, dúbidas, fracasos e sorpresas. Aínda que o futuro é inseguro o presente non o é: este mes, estes días, este momento sempre brillarán entre as cinzas da




miña vida, cheos de harmonía e liberdade. Poida que teña xa dado o paso decisivo, pronunciada a palabra crucial.

Chovía ao saír da cidade no primeiro día, nos verdes outeiros, nos soutos de castaños e nos bosques de pinos e eucaliptos. Chovía no segundo día sobre o monte Pindo, onde se supón que está enterrada a raíña Lupa, e na ponte sobre o río Tambre, por onde os discípulos escaparon co corpo de Santiago. No terceiro día diluviaba sobre Brañas de Fonte Romeu cando vin o océano a través dunha intermitente cortina de chuvia e, finalmente, orballaba sobre Cee e Corcubión co mesmo cheiro rancio de todos os portos, o vento na miña cara e o sol filtrándose entre as nubes sobre o mar.

Camiñei a través do treito final de terra onde a costa se adentra no Atlántico: Fisterra, final da terra, coñecida durante centurias como a de obscuras augas, morada dos mortos que agardan a resurrección do corpo. Ollei unha cuncha de vieira na negra area xunto ao meu pé, collina e depositeina na miña mochila.

Despois de sacar as miñas roupas molladas corrín cara as olas. Tras o golpe frío da primeira o mar parecía máis morno que o aire. Mergulleime por debaixo dunha ola e nadei máis alá de onde rompen, a auga escorregaba polos meus brazos, polo costado e polas pernas, facendo escozer os meus poros e relaxando os meus membros. Dei volta sobre as miñas costas, flotando, a suave chuvia acaricia a miña cara, a oleaxe deume volta como se mirase de novo cara o ceo. Sentín o empuxe dunha ola que se achegaba, nadei, esperei pola cresta, fun empuxado fóra e levado no medio da espuma para a orilla. Saín da auga escoitando o vento e golpeando as olas, o rimo poderoso do mundo. ■



Este texto corresponde ao capítulo 23 (pax. 192 e 193) do libro de Edward F Stanton *Road of Stars to Santiago (Camiño de estrelas a Santiago)*, publicado en 1994 pola The University Press of Kentucky.



TODO PARA OS PEREGRINOS PERO SEN OS PEREGRINOS

A VORÁXINE DO ANO SANTO

TEXTO: A. C. B.

Traemos a colación aquela frase, que definía a despótica política practicada polos ilustrados dezaoitescos, substituindo ó sufrido pobo polos, nesta ocasión, supostos beneficiarios dunha nova política de altos vos: a xacobeá.

Facer “política xacobeá” supón, desde que o Conselleiro Vázquez Portomeñe descubriu a grande mina de ouro que tiñamos en Galicia -pouco llo agradeceron-, un exercicio por recupera-las nosas máis fondas raíces históricas e culturais, proxectando a imaxe europeísta dun país, Galicia, que co tempo

ficou aillado -pero non sempre foi así- no Finisterre. Sen embargo, plasmar esta política en actuacións concretas a prol do Camiño e dos peregrinos, nunca debería ser un exercicio de gabinete, alleo a real preocupación destes peregrinos, hoxendía moi ben representados, nos seus intereses, polas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago. Daquela vén a

colación a frase da cabeceira, pois se ben é moito o que se está a facer (recuperación de camiños, albergues, sinalización, publicidade, edición de libros, convocatoria de congresos, etc), non o é tanto, cheos de luminarias como están os departamentos das administracións públicas do estado, o espírito



Camiño de Santiago: saída de Murias de Rechivaldo (León)

de colaboración mantido coas asociacións.

E para non ficar nas declaracións teóricas, imos poñer algúns exemplos salientables. Sen ir máis lonxe, a manía de incluír entre as obras de mellora do Camiño de Santiago algunhas infraestruturas que soamente dun xeito moi indirecto poderían ser consideradas como tales:

traídas e depósitos de auga, saneamento de núcleos rurais, equipamento deportivo, mellora de estradas que, as veces, incluso danan o itinerario dos peregrinos, etc., moitas delas pagadas con fondos europeos. O esperpento pode chegar a extremos tales coma o acontecido en Samos, onde se por

unha parte o alcalde solicitou axudas ó Plan Leader local para facer unha senda paralela ó Camiño, segundo el coincidente coa estrada de Sarria, por outra procedeu a sancionar unha invasión -por parte dun veciño- e logo a asfaltar o verdadeiro itinerario, para máis inri sinalizado cos

carteis oficiais colocados pola Xunta de Galicia. Outra mostra, fóra do noso territorio de actuación, deste xeito de proceder, témolo na Maragatería, onde co gallo de mellora-lo Camiño (entre Astorga e El Ganso), procedeuse a trazar senllas pistas agrarias a cada beira, de xeito que agora semella que avanzamos por unha autoestrada rural de 15 metros de anchura (*vid. foto*). Des-



propósitos propios dos que actúan no Camiño sen o menor interese, xa non digamos amor, polo que el representa.

A falla de coordinación entre os departamentos estancos da Xunta propicia cada día actuacións de Agricultura ou Obras Públicas que non teñen en conta, nin sequera saben de que vai o asunto, o paso do Camiño. É así como, só a trece quilómetros de Santiago (a un tiro de pedra para quen tivera ollos e interese), a COTOPV alterou, coa obra da Autovía

de Lavacolla, a baixada do Camiño Francés cara Castromaior (vid. foto). Como xa indicamos, está a ser a de Agricultura a que paga o asfaltado de 4,5 qms. deste mesmo Camiño Francés no concello de Samos, por non citar outras



Lavacolla: Camiño e obras da autovía

moitas actuacións, destes departamentos e de Industria, que están a borrar do mapa tramos doutros itinerarios secundarios (polígonos industriais de Redondela e Culleredo, proxecto de absurda vía rápida entre Portomarín e Palas de Rei por Ligonde, concentración parcelaria dos montes en Negreira, corredor Bertamiráns-Costa da Morte en Pontemaceira, etc). Sen dubidar un intre sobre o interese social de moitas destas obras, unicamente

chamamos a atención sobre o que sería doado facer, nun país civilizado e nunha democracia avanzada, para prever tantos e tan graves despistes que logo xa non teñen remedio. A contes-tación sempre é a mesma: -"Deberían vostedes estar atentos ós períodos de alegacións"- . Pero nin estes períodos son sempre noticia -habería que ler do a ó z ó DOGA cada día-, nin a mentada exposición todo o transparente que debería. ¿Saben vds. que cando se presentou o Primeiro Proxecto das

Autovías de comunicación coa Meseta por parte do MOPU, no preceptivo, e de mero trámite, Informe de Impacto Ambiental non había nin sequera unha alusión ó Camiño de Santiago? Contra tan pesada maquinaria, a destes muñíos de vento, ¿que poden facer os cabaleiros cheos de ideais?

Arquitectos, enxeñeiros e técnicos de variopinta pelaxe, entran a saco no Camiño sen coñecer, e polo tanto sen respectala súa esencia mile-

naria, programando un roteiro cultural, deportivo e de lecer. Máis na liña das rutas paisaxísticas de montaña, ou dos roteiros de sendeirismo de longo percorrido, o Camiño está a ser convertido nun paseo para peregrinos cibernéticos (certo conselleiro, incluso, falou de colocar teléfonos cada quilómetro e ata ordenadores nos albergues para que cada viaxeiro puidera programa-lo seu percorrido, coñecendo a dispoñibilidade dos albergues e outras marabillas da técnica).

Cada véspera de Ano Santo, unha romaría chega á Consellería de Cultura ofrecendo artilluxios, mil inventos da modernidade, para facer máis cómoda a peregrinación. E nas obras levadas adiante, as boa intención non salva o efecto absur-

do de moitas actuacións: prantan árbores donde nunca ás houbo, crean excesivas e artificiais áreas de lecer, desñan o emprazamento dos albergues máis con criterios políticos que históricos ou funcionais, concentrándoos nalgúns tramos e mantendo longos valeiros noutros, etc. As veces nos preguntamos de que serven tantos contactos con outras comunidades para que logo, caso de Asturias e Galicia, cada un promociione o roteiro que máis lle convén (os asturianos o Camiño



Primitivo, os galegos o da Costa); onde nunca houbo lindeiros, e menos para os peregrinos, os xestores da cousa pública están a crealas.

Entre tanto, a xerarquía compostelá, que sempre combatíu a deturpación de nomear Xacobeo ó Ano Santo, pregoando con razón uns valores espirituais practicamente esquecidos na turística propaganda oficial, chegado o tempo de Xubileo de 1999, para non rivalizar con Roma, meteu no caixón do esquecemento o termino de Ano Santo.

Máis lastimosa, nembargante, é a actitude seguida encol da nova **Credencial do Peregrino**, presentada en 1996 como a que recollía tódalas rutas cara a Compostela, pero na que está ausente o Camiño Inglés. A Oficina de Peregrinación da Catedral de Santiago, que se quere apropiarse e mesmo cobrar por unha credencial ideada e aprobada polo **I Congreso Internacional de Amigos do Camiño de Santiago**, que tivo lugar en Jaca en 1987 (¡xa choveu!), fai ben en non imprimir nas “súas credenciais” a Prolongación a Fisterra e Muxía, pois evidentemente non é un “Camiño a Santiago”, pero o do Camiño Inglés non ten nome. Se cada, e obsesionados polas distancias e os percorridos, acabaron esquecendo

un roteiro que desde Ferrol ou Neda, e especialmente desde A Coruña, constituíu un dos itinerarios máis importantes, sobre todo para británicos e nórdicos, das coñecidas como peregrinacións marítimas. A mesma oficina que, ó xeito medieval, se dedica a conceder bulas de monopolio para o desembarco de peregrinos en Pontecesures, ben dicindo proxectos tan controvertidos e comerciais coma o promovido por Muínelo desde o Club Náutico de Ribeira, ben podería reconsiderar a súa postura sobre os 100 qm. esixidos ós peregrinos de A Coruña para ter dereiro á *Compostela*.

A solución pasará por dar varias voltas á cidade de Santiago, ó estilo de Josué, para sumar quilómetros “extra” ata completa-los cen penitenciais de rigor (outro tanto fai o buque de Muínelo dando voltas en barco ata Corrubedo para conseguirlas millas náuticas esixidas, ás que sumarán as catro leguas de Pontecesures a Compostela). En nome da Asociación pedimos que cese este absurdo, un insulto á historia e á tradición: logo que non se queixen de que D. Manuel Espiña solicite o bispado para a cidade herculina.

En calquera caso, hai que recoñecer tamén as melloras, sobre todo, e por riba de todas as demais, no eido da concienciación da cidadanía,

cada vez máis sensibilizada cara a protexer-lo seu patrimonio cultural, e a cultura xerada pola peregrinación éo. Velá a faceta máis amable do boom xacobeo, que nos volve facer peregrinos a todos, sen distincións, e protagonistas dunha realidade milenaria que, na fin deste contradictorio século, cobra unha popularidade inesperada. Un gran éxito, que acada a súa materialización no Plan Xacobeo de 1999, é o da delimitación oficial e promoción dos mal chamados camiños secundarios, na súa totalidade recuperados polas asociacións xacobeas (a nosa tomou a iniciativa no Portugués, o Inglés de Neda, o Ourenzano e a Prolongación a Fisterra e Muxía). E outro tanto cabe dicir sobre a magnífica rede de albergues de peregrinos creada pola Xunta de Galicia (medio centenar en tódolos itinerarios), se ben descoñecemos a sorte que van correr tralo ano 2000. Polo de agora, e despois de moitos anos de xestión por contrato que non foi de todo punto satisfactoria, a Federación estableceu un convenio para mandar, pouco a pouco e non de golpe como pretendía a Xerencia do Camiño, hospitaleiros a algúns deles, algo que aconteceu en 1998 no do Cebreiro.

Para nós, que fomos, somos e seremos peregrinos, hai un capítulo que resulta especialmente tristeiro: o da ridiculización da peregrinaxe. Exemplos poderíamos lembrarducias: revistas que organizan unha absurda peregrinaxe en liña recta (sempre fan 100 qm. máis que polo iti-

“...escritores oportunistas que fan o seu agosto relatando trapalladas...”



nerario habitual), escritores oportunistas que fan o seu agosto relatando trapalladas, maxias e misterios da ruta (entre eles cabe nomear a algúns tan destacados e reincidentes como Luis Carandell, Juan G. Atienza ou o esotérico e exitoso Paolo Coelho, que está a propiciala chegada dun fato de brasileiros coa testa chea de paxaros, e cecais por elo a Xunta concedeu-lle a medalla de ouro de Galicia), peregrinos esperpénticos que chegan nos máis variopintos e chamativos medios de transporte (o que importa é chama-la atención), directivos de clubs de fútbol que fan con desfrace, e aproveitando o circo para facer declaracións en cada etapa, a ruta; políticos que, puro en boca e copo de Albariño cada legua, comentan os pasos dados e o rapidísimo que camiñan (todo un exemplo para estimula-la competencia dos “corre-camiños”), empresas que organizan marchas polo camiño, pernoctando nos albergues da Xunta, de pago (algunhas, como unha da Estrada, ata ofertan peregrinacións en trineo tirado por cans), o entroido dos Cabaleiros do Camiño, cos seus capotes brancos e ridículos chapeus, reunidos cada ano para facer comelladas e prantar unha arboriña (esto é tomarse de chacota á peregrinación), o invento que revolucionará a peregrinación (a guitarra-vieira-báculo, presentada a Manuel Fraga polo xenial mestre de instrumentos musicais Pablo Seoane) e outras moitas falcatuadas que nos falan de vaidade, superficialidade e, sobre todo e por desgracia, da subcul-

tura que, os que deberían veir pola Cultura con maiuscula, nos queren vender ó son de “Luar”.

Sen embargo, e facendo auto-crítica, tampouco todas as asociacións xacobeas actúan coa debida honestidade. A Xunta de Galicia estimulou a multiplicación deste tipo de entidades -moitas delas única e exclusivamente creadas para chucha-los gorentosos diñeiros públicos das subvencións-, do cal está a resultar a perda de independencia e o servilismo de moitas destas asociacións, que normalmente responden a criterios localistas e teñen unha vida máis ou menos curta. Noutros casos, as asociacións están a servir para canalizar intereses políticos, perdendo por completo o carácter crítico que estos colectivos xogan, por exemplo, nos países máis avanzados de Europa. ¿U-las moitas asociacións galegas á hora de defende-lo Camiño das asociacións? Algunhas estaban repar-tindo medallas de ouro entre os gobernantes, pois o poder, en lugar de motiva-las asociacións que en verdade loitan, sen ningún tipo de partidismo, por mellora-las condicións dos Camiños xacobeos e os peregrinos en Galicia, ás veces sítense máis cómodos entre as loubanzas dos que só agardan favores. Ista foi a lección que nos ensinou Don Elías Valiña, que en

paz descanse, sempre atento a defende-lo seu Camiño fronte a tirios e troianos; seguimos as pegadas de D. Luis Vacariza, o médico berciano, de René Lacoste Messelière, que fundou a primeira asociación europea, ou do navarro Andrés Muñoz Garde, todos eles precursores deste renacer xacobeo e asociativo. A nosa aposta é, máis ca unha obriga estatutaria, un compromiso ético e unha vivencia na que, nunca o esqueceremos, aprendimos tanto.

Cada vez que se achega un Ano Santo é hora de poñerse a tremer. O Camiño, como por arte de maxia, deixa de ser noso durante 365 días, pero basta ter paciencia para recupera-lo unha vez rematada a voráxine. Virán de novo o embaixador Julio Iglesias e o Pelegrín da man, os Rolling Stones e mailos ministros, a

Corte, todo nun “totum revolutum” que marea; estaremos tamén nós, como peregrinos anónimos que cada ano completamos algún dos Camiños. Pero trala treboada, voltará a calma, e entre tanta confusión, algo sempre se vai saír gañando, pois entre os convocados polos alto-falantes da propaganda institucional, sempre haberá un grupo, por pequeno que sexa, de verdadeiros peregrinos. ■

“... tampouco todas as asociacións xacobeas actúan coa debida honestidade”



Glosa a noticias x a c o b e a s

TEXTO: Arturo García

Para os socios que queiran coñecer a lei de protección dos camiños de Santiago, aprobada por consenso (¡prodixio!) e coa aceptación de tódalas enmendadas da oposición (¡milagre do Apóstolo! e de Portomeñe) o 10 de maio de 1996, informamos que foi publicada no **Diario Oficial de Galicia nº 101, do 23 de Maio de 1996**. A lei é un instrumento moi útil para denunciar, mesmo vía xudicial, a todos aqueles que atenten no Camiño Francés (coa súa traza xa oficialmente delimitada). Unha vez redactada a protección das rutas secundarias e da prolongación a Fisterra e Muxía, tódolos itinerarios galegos quedarán igualmente protexidos.

Más adiante, neste mesmo boletín, será oportuno ir publicando os aspectos máis interesantes desta norma.

A Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) celebrou, entre o 17 e 21 de agosto, un seminario sobre o Camiño de Santiago. Patrocinou o evento o Consello Xacobeo, organismo controlado polo Ministerio de Cultura que agora resucita despois de moitos anos de sequía.

Entre os proxectos sufragados polo ministerio de Medio Ambiente no Camiño (un total de 200 millóns)

Os nosos amigos da Asociación de Amigos del Camino de Burgos propuxeron á Xunta, en agosto, a creación dun corpo de vixilancia, algo así como o equivalente ás antigas ordes militares, destinado a evita-los atentados

medioambientais tan frecuentes na ruta xacobeas. Manipulación dos indicadores, entrada de maquinaria ou automóbiles en roteiros exclusivamente peonais, apropiación da calzada por cultivos, construcións ilegais, agresións de todo tipo, etc, estarían entre os actos punibles a controlar por estes axentes xacobeos. Desde Cultura, malia apoiar a idea, contestouse que en Galicia o Camiño estaba moi ben controlado (¡así nos loce o pelo en Samos!). Asociacións máis institucionais, caso da controlada pola Deputación de Lugo, non veu con bos ollos unha “policía” que podería sacar á luz tantas pequenas desfeitas consentidas ós concellos.

Exa que falamos de atentados, un dos máis graves que padeceu o Camiño, máis polo emblemático da actuación que polo dano en si, tocoulle á célebre Cruz de Ferro. Como sabedes, esta foi cortada e botada a terra ata tres veces consecutivas en agosto. A algúns individuos, neopagáns torticeiros, semella non gustarlle-la presenza desta modesta e pequena cruz que coroa o máis famoso milladoiro da Francíxena. Para evitar as accións vandálicas falouse de poñer un esteo de ferro, pero a solución non parece a máis axeitada. Haberá que vixilar...

Os alcaldes que forman parte da Ruta Xacobeas do Mar de Arousa declararon “persona non grata” a Rafael Muinelo, presidente da Asociación da Ruta Marítima do Apóstolo con sede en Ribeira. O motivo, que este pretendía facerse co monopolio do transporte por mar dos peregrinos,



poñendo incluso reparos as condicións supostamente ilegais en que se celebraba a remontada anual que Sánchez Agostino organiza, en colaboración cos 18 concellos da ría, polo mar de Arousa e Ulla. De ser certa a pretensión de Muínelo, en Galicia quedarían prohibidas tódalas procesións marítimas do Carmo, abofé que ben delas.

A Asociación que se autodenomina de “Periodistas y Estudiosos del Camino de Santiago” (en realidade, estudian máis ben pouco), celebrou o seu segundo encontro oficial en Sarria (outubro), visitando O Cebreiro, onde colocaron unha placa de homenaxe a Elías Valiña, e camiñando entre Triacastela e Sarria. Como dato en verdade curioso, estes xornalistas e estudiosos nin se decataron do problema do asfaltado do traxecto entre San Cristobo do Real e Veiga de Reiriz, no concello de Samos, e iso que andaron a un paso. Se cadra, despistáronse entre tantos agasallos da Deputación Provincial de Lugo.

Os expertos participantes no IV Congreso Internacional de Estudos Xacobeos, que tivo lugar en Oviedo a comezos de outubro, amosaron a súa preocupación por que o Camiño acabe converténdose nun roteiro turístico máis. O director do Congreso, Juan Ignacio Ruíz de la Peña, catedrático de historia medieval da Universidade de Oviedo, considerou o perigo da instrumentalización política, algo que xa aconteceu na Idade Media. Como contrapeso, tamén avaliou a crecente espiritualidade que envolve ó Camiño, o que denominou “mística do Camiño” desde posicións non sempre confesionais. Por fin, e moi de acordo connosco, amosouse moi satisfeito co esforzo despregado desde as administracións competentes para revaloriza-los itinerarios xacobe-

os, se ben “logo non sempre a aplicación deses recursos resulta afortunada”. Teríamos que “fichar” a Ruíz de la Peña como portavoz da asociación.

De vergoñento hai que califica-lo “Cumio Xacobeo” que, con todo o bombo e platillo posible, foi convocada en Ribadeo os días 7, 8 e 9 de novembro do pasado ano. Aló estaban representadas asociacións galegas, relacionadas cos Camiños do Norte, e varias das moitísimas que hai en Asturias (baste dicir que en Mieres coexisten tres asociacións). A posta en escea, preparada para botar moito incienso durante a inauguración do bonito albergue de peregrinos (*vid. foto*), limitouse a que cada asociación, e moi en particular a provincial de Lugo, se gabasen do moito que teñen feito polo Camiño, practicamente inventado, recuperado e sinalizado por eles e unicamente por eles. Presentes



Ribadeo: Albergue de peregrinos

no acto, sentimos unha fonda decepción cando quixeron apropiarse da figura de Don Elías Valiña, que por desgracia xa non pode desdicilos. Algúns soamente andan, nesta vida, na procura de gloria e protagonismo, esquecendo traballar calados e con máis humildade.

Se Arturo Pérez Reverte, escritor de sona onde os haxa, prepara unha serie documental sobre o Camiño de



glosa a noticias xacobeas

Santiago (ó parecer non había ninguén do mundiño xacobeo capacitado para facelo con máis coñecemento), o popular Xabarín protagonizará a serie de animación “Os Vixilantes do Camiño” (debuxos animados); oxalá sirva para concienciar ós máis cativos na protección dos roteiros xacobeos. Pola súa banda, Suso de Toro e Xurxo Lobato acaban de editar un novo libro sobre o Camiño Francés, cun título máis propio das aventuras dun xove falanxista (“Flecha Amarilla”) no que se relatan as aventuras e desventuras que, por encargo da editorial, padeceron no itinerario. A peregrinaxe por encargo ou comisión, como antano, está a ser unha modalidade moi rendible nesta fin de milenio. Este libro, de todas maneiras, dá o que promete e os autores confesan dende a primeira páxina, que seguiron a ruta en coche, parando aquí e acolá.

Entre tanto rebumbio de milleiros de peregrinos que chegarán no Ano Santo, e millóns que deixarán os turistas, o arcebispo de Santiago, monseñor Julián Barrio, seguiu as pegadas do seu antecesor, mons. Rouco Varela, pedindo que os intereses materiais non afoguen a espiritualidade e o sentido cristián que deben presidi-lo tempo de Xubileo. En efecto, lembrou que era a Igrexa a que convocaba o Ano Santo, pero esta, sen excesivos medios para atender ós peregrinos, soamente podía ofrecerlle-lo pasto espiritual. Sen embargo, a Igrexa compostelá non pode disimular a súa satisfacción polas obras de mellora emprendidas tanto nos templos da cidade coma na propia catedral, que quedou coma unha pátena tralas obras de restauración a que foi sometida, con 1.500 millóns investidos, durante 1988 (entre elas resulta abraiante o remate da reconstrucción do coro pétreo do Mestre Mateo, sufragada pola Fundación Barrié).

O camiño é un motor de desenvolvemento para os núcleos por el atravesados. De non crer esta aseveración, vaian vostedes ata O Cebreiro (*vid. foto*), porta do Camiño Francés en Galicia, e comprobén como dos nove

veciños que aló moran, practicamente todos están dedicados á hostelería. En decembro de 1998, na última ocasión que pasamos por aló, estaban en obra dúas casas, unha delas



O Cebreiro

para ampliala xa famosa Hospedería de San Giraldo de Aurillac, rexentada pola familia de Elías Valiña, outra para unha residencia particular con palloza incluída.

Entre tanto libro oportunista, hai algúns oportunos. Son os relatos de peregrinos, algúns deles pioneiros de determinados percorridos. É o caso de De Granada a Santiago, una ruta jacobea andaluza (Granada, Crupo editorial Universitario, 1999, fax: 958 291615, tel.:958 800580). O seu autor narra a peregrinación dun grupo de intelectuais católicos, redactada con precisión e simpatía. Ten o interés engadido de que describe os dous accesos da Ruta da Prata, por Astorga e, máis o Sul, por Zamora-AGudiña-Xunqueira Ambra-Ourense-Santiago, ruta sinalada pola nosa Asociación.

UN PEREGRINO NAVARRO AFOGADO EN CABO FISTERRA

Ademais de contempla-lo solpor desde a punta do cabo Fisterra -polos antigos chamado promotorio Nerio ou Céltico-, entre as prácticas realizadas polos peregrinos neste lugar onde toda viaxe remata se contan dúas de fácil interpretación simbólica: a queima das vellas roupas, noutrora



efectuada diante da *Cruz dos Farrapos*, na mesma catedral de Compostela, e, nalgúns casos, a toma dun baño ritual de carácter purificador. Ámbalas prácticas deben ser entendidas nese sentemento de querer desterrar o home vello, coas súas roupaxes ou circunstancias, para, unha vez concluída a grande romaría, escomenzar, dentro do posible, unha nova vida; ou cando menos, facer propósitos para elo.

O sábado 27 de marzo un peregrino navarro de 34 anos, Kiko, desde logo pouco informado de donde e como se pode e debe dar un este baño ritual, non tivo mellor idea que descender polos perigosos cantís do cabo, cheos de toxos e penedos batidos polo vento, e achegarse á beiramar. A decisión foi nefasta, pois cando tentaba darse o baño, un golpe de mar arrebatouno afastandoo cada vez máis da costa.

Entre tanto Kiko loitaba coas ondas e a corrente dun litoral que por algo foi bautizado como Costa da Morte, os compañeiros do mozo avisaron á Cruz Vermella, que partíu coa zodiac, o máis rápido posible, ata atopalo corpo, aínda con vida, do peregrino. Desde a plataforma que rodea o faro, moitos peregrinos e turistas aló congregados contemplaban, abraiados, a operación. Trasladado ó porto, foille practicada unha masaxe cardíaca e outros medios de reanimación, peronada se puido facer por lle slva-la vida.

Os que estamos a fecer todo o posible por promociona-la prolongación xacobeas a Fisterra e Muxía, non podemos menos que sentir unha grande consternación por este desgracia, primeira da que temos noticia neste rexurdir da peregrinaxe en Fisterra.

Para evitar accidentes semellantes no futuro, estamos de acordo cos mariñeiros e veciños da vila para que se coloquen carteis sinalando o perigo de se achegar ó mar neste tramo do promontorio. Proximamente, cando elaboremos o noso folleto práctico sobre este itinerario (pronto será enviado ós socios), tentaremos deixar ben claro cal é o lugar máis axeitado para darse este baño ritual: sempre a Praia de Langosteira, á entrada da vila, nunca o traizoeiro sector do promontorio, onde incluso teñen perecido avezados percebeiros. Noutro orde de cousas, máxime os días de máxima afluencia dos peregrinos, no faro debería haber máis pre-

sencia de protección civil, policía local ou cruz vermella, pois en ocasións o tempo de reacción pode supoñe-la salvación de vidas.

A PIQUES DE PECHAR ESTE BOLETÍN

O pasado día 7 de maio tivo lugar no Cebreiro unha **Xornada de Estudio** referida á dimensión eucarística do Camiño. Catro expertos, catro países, catro linguas: Paolo Caucci (Italia), Robert Plötz (Alemania), Antón Pombo, presidente da nosa Asociación (España) e Laurie Dennet (Gran Bretaña). Cada quen expuxo a existencia de lugares de devoción eucarística -vencellada ás veces a milagres, caso sinalado pero non exclusivo do Cebreiro- pola Vía Francígena, camiños alemáns e españois. Laurie presentou a fascinante Fundación do Cebreiro. Santa Misa, salve latina, Noso Pai en catro linguas e flores para a tumba de Don Elías Valiña completaron unha emocionante xuntanza.

Os días 14 e 15 dese mesmo mes, a nosa Asociación organizaou un cursiño de formación de hospitaleiros en Neda, punto xacobeo en alza atendido polo bulle e eficaz vocal Manuel Grueiro. Interviron Pat Quaif, promotora da Confraternity of Saint James e grande amiga, dúas veteranas hospitaleiras da Asociación de Amigos del Camino, de Burgos, e Antón Pombo, iniciaron a medio cento de xóvenes interesados na fundamental tarefa de seren alberguistas chegado o día.

Os bos amigos británicos da Confraternity arriba mencionada tiñan programada unha fascinante peregrinaxe marítima dende as Illas, en dous veleiros, construídos á maneira dos que, no século XV chegaban dende alí ata os portos da Coruña e Neda. O impredecible “storming weather”, mal tempo na mar, levounos ata o porto de Santander. Poidemos saudalos en Santiago, cansos e felices.

De estes actos e acontecementos, daremos conta máis cumprida no vindeiro boletín, Ultraia!. ■



Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago

